

PALABRA DE VIDA

Febreiro 2024

«Facede todo con amor» (1 Co 16, 14)¹.

Este mes deixámonos iluminar, como luz para o noso carreiro (cf. Sae 119, 105), da palabra e da experiencia do apóstolo Pablo.

El anúncianos tamén a nós, como aos cristiáns de Corinto, unha mensaxe forte: o núcleo do Evanxeo é a caridade, o ágape, o amor desinteresado entre irmáns.

A nosa Palabra de vida forma parte da conclusión desta carta, na que a caridade é abundantemente lembrada e explicada en todos os seus matices: é paciente, servicial, ama a verdade, non busca o seu interese (1 Co 13)...

O amor mutuo, vivido así na comunidade cristiá, é bálsamo para as divisións que sempre a ameazan e signo de esperanza para toda a humanidade.

«Facede todo con amor».

É impactante que Pablo exhorte a actuar (no texto grego) «estando no amor», como indicando unha condición estable, un permanecer en Deus, que é Amor.

Pois como poderíamos acollernos mutuamente e acoller a cada persoa con esta actitude, senón recoñecendo que primeiro somos amados por Deus, mesmo nas nosas debilidades?

Esta conciencia renovada é a que nos permite abrírnos sen medo aos demais para entender as súas necesidades e poñernos ao seu lado, compartindo recursos materiais e espirituais.

Miremos como actuou Jesús; el é o noso modelo.

El sempre foi o primeiro en dar: «[...] a saúde aos enfermos, o perdón aos pecadores, a vida a todos nós. Ao instinto egoísta de acaparar opón a xenerosidade; ao concentrarnos nas nosas propias necesidades, a atención ao outro; á cultura do posuír, a do dar. Non conta se podemos dar moito ou pouco. O que importa é como damos, canto amor poñemos ata nun pequeno xesto de atención ao outro. [...] O amor é esencial, porque sabe achegarse ao próximo mesmo cun simple xesto de escoita, de servizo, de dispoñibilidade. Que importante [...] é tratar de ser o amor para cada un! Atoparmos o camiño directo para entrar no seu corazón e alivialo»².

«Facede todo con amor».

Esta Palabra ensínanos a achegarnos aos demais con respecto, sen falsidade, con creatividade, deixando espazo ás súas mellores aspiracións, para que cada un poida dar o seu apor-tación ao ben común.

¹ Para este mes propoñemos a Palabra de vida que un grupo de cristiáns de Alemaña de diferentes Igrexas optou por vivir ao longo do ano.

² C. Lubich, Palabra de vida, outubro 2006, en *Ciudad Nueva* n. 435 (10/2006), p. 22.

Axúdanos a valorar cada ocasión concreta da nosa vida diaria: «[...] as tarefas domésticas, do campo ou do taller, os trámites administrativos, os deberes do colexio ou as responsabilidades no campo civil, político e relixioso. Todo pode transformarse en servizo atento e solícito»³.

Poderíamos imaxinarnos un mosaico do Evanxeo vivido con sinxeleza.

Escriben uns pais: «Cando unha veciña díxonos angustiada, que o seu fillo estaba no cárcere, aceptamos ir visitalo. Xaxuamos o día antes de ir, esperando ter a graza de dicirlle o que conviña. Despois pagamos a fianza para liberalo»⁴

Un grupo de mozos de Buea (Camerún suroccidental) organizou unha recollida de fondos para axudar aos desprazados internos por mor da guerra⁵. Visitaron a un home que perdera un brazo na fuxida. Convivir con esta discapacidade converteuse para el nun gran reto, pois os seus hábitos cambiaron drasticamente. «Díxonos que a nosa visita déralle esperanza, alegría e confianza. Sentiu o amor de Dios a través de nós», cóntanos Regina. Engade Marita: «Despois desta experiencia estou convencida de que nada é demasiado pequeno se se fai por amor... Non fai falta máis: o amor é o que move o mundo. Comprobémolo!».

Letizia Magri e o equipo da Palabra de Vida

³ Ibid.

⁴ Pellegrini, G. Salerno, M. Caporale (eds.), *Una transformación silenciosa. Testimonios de familias de todo el mundo sobre Amoris laetitia*, Ciudad Nueva, Madrid 2022, p. 84.

⁵ Texto adaptado de: unitedworldproject.org/es/workshop/camerun-compartir-con-los-desplazados/.